

Premio Extraordinario de Licenciatura en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1978 e Doutor en Medicina pola mesma universidade en 1982 tamén con Premio Extraordinario. Catedrático de [Medicina Legal da USC](#) desde o ano 1989 e foi director do [Instituto de Medicina Legal](#) da mesma entre 1994 a 2012. Actualmente dirixe a [Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica](#) (SERGAS, Xunta de Galicia) e o [Centro Nacional de Genotipado- ISCIII](#) (CEGEN). Ademais é xefe de grupo do [CIBERER](#) (Centro de Investigación Biomédica en Rede de Enfermidades Raras) e Coordinador da área de Xenética e Bioloxía de Sistemas do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela ([IDIS](#)), tamén é o coordinador do [Programa Diana](#).

Publicou máis de 300 artigos sobre medicina xenómica, xenética clínica e xenética forense e de poboacións, en revistas de máxima relevancia como “Science” ou “Nature”. É editor da revista “Forensic Science” International: “Genetics” e membro de revistas internacionais.



Extracción de ADN

Un protocolo de prácticas é como unha receita de cociña onde se indican os ingredientes, pasos a seguir e moitas veces os “cacharros” a utilizar. Como na cociña hai varias maneiras de facelo; un chisco de sal ou non, bater dunha ou outra maneira,... Nós imos a extraer ADN, cun sinxelo protocolo que Ángel Carracedo nos propón.




MATERIAIS

- 100 gramos de chícharos verdes, morangos, plátano...
- 200 mL auga
- 1 cullerada de sal
- Batedora/trituradora
- Colador
- taza ou vaso de precipitados
- Frasco ou tubo de ensaio
- 2 ou 3 culleradas de deterxente
- 3 culleradas de zume de piña
- Etanol (igual cantidade que o caldo de chícharos, plátano...)

PROCEDEMENTO

1. Nun vaso de precipitados pésanse 100 gr de chícharos ou morangos e engádese 1 cullerada de sal e 200 mL de auga.
2. Ao líquido resultante engádenselle 3 culleradas de deterxente e déixase repousar 5-10 minutos.
3. A mestura obtida cóase e traspásase a un tubo de ensaio. Cada un dos tubos de ensaio éñchese unha terceira parte coa mestura colada.
4. Engádense 3 culleradas de xugo de piña e axítase con coidado a solución.
5. Finalmente, inclínase un pouco o tubo e engádese alcohol etílico (igual volume como caldo de chícharos ou fresas).

E, tatachán!!, como dicía o Mago Tamariz ☺



O Dr. Ángel Carracedo Álvarez é, probablemente, o científico que traballa en Galicia de maior proxección internacional. Desde a dirección do grupo de Medicina Xenómica, aborda moitas disciplinas, xenética evolutiva e de poboacións, do cancro, das enfermidades psiquiátricas, neuroxenética, xenética cardiovascular, farmoxenómica...

Sempre recoñeceu o mérito dos seus colaboradores cando foi distinguido con premios de enorme relevancia nacional e internacional.


Carracedo recibiu entre outros: a [Medalla Castelao](#), [Premio Novoa Santos](#), concedido polos médicos galegos, [Premio Rey Jaime I a la Investigación Médica](#), a [Medalla Adelaida](#), a [Medalla Galien](#), o galardón máis importante en investigación farmacolóxica, [Premio Nacional de Genética](#) (2011) [Medalla de Galicia de Ouro](#), [Premio Fernández Latorre](#), [Premio Constantes y Vitales 'Trayectoria científica en Investigación biomédica'](#)... e [Fillo predilecto de Santa Comba e Medalla de Ouro Terra do Xallas](#)

A súa labor divulgativa é incansable e recorre institucións e institutos de Galicia de todo o Mundo para facer entender que é desde o coñecemento a maneira que temos de crecer persoalmente e como sociedade.




"A alegría do descubrimento é a máis viva da mente humana"

Claude Bernard



ÁNGEL CARRACEDO



Xenetista (forense e clínica), un dos nosos científicos máis universais.

